

# EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

## OBRADOIROS DE CORRESPONSABILIDADE

### CONTIDOS

Neste obradoiro búscase introducir ao alumnado na necesidade da corresponsabilidade e para iso abordaranse os seguintes contidos: roles e estereotipos de xénero; causas das desigualdades entre nenos/homes e nenas/mulleres; visibilizar as distintas tarefas do fogar; reflexións sobre a división dos traballos entre homes e mulleres no ámbito público e privado; reparto igualitario de tarefas e coidados; emocións que entran en xogo no tema da corresponsabilidade, etc.

A actividade proposta ten como fío condutor unha personaxe dun conto que serve como elemento motivador e como exemplo de personaxe transgresora dos mandatos de xénero. Esta poñerá en cuestión os estereotipos de xénero e propiciará a controversia que nos leve a debates grupais produtivos. Isto implica unha metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe activa e participativa, que pon o protagonismo nas crianzas.

### OBXECTIVOS

- Identificar roles e estereotipos de xénero para rachar con eles na nosa convivencia.
- Achegar ao alumnado o concepto de corresponsabilidade, necesaria como unha cuestión de xustiza social.
- Fomentar o reparto igualitario de tarefas do fogar e dos coidados.
- Poñer en práctica as habilidades e capacidades do alumnado para desenvolver accións e xogos da vida cotiá de xeito igualitario.

PERSOAS DESTINATARIAS : educación infantil, 5 anos.

**Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES:** un grupo/aula por obradoiro.

**DATAS DE EXECUCIÓN:** de outubro a maio.

**DURACIÓN:** lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** centros de ensino.



## OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS MICROMACHISMOS

### CONTIDOS

Os “micromachismos” son actitudes e prácticas sexistas aprendidas, e que tanto homes como mulleres reproducimos acotío de forma case inconsciente. A través destes obradoiros abordaranse co alumnado as seguintes cuestións: que é iso dos micromachismos?, de onde veñen esas desigualdades de xénero?, por que se manteñen na vida diaria? E como podemos identificalos e evitalos? Para iso aclararemos primeiro conceptos como sexo e xénero, machismo, feminismo, etc. Faremos tamén actividades de identificación deses micromachismos nas nosas propias familias, amizades, na escola, na música, no cine e na literatura, nos medios de comunicación, na publicidade, nas redes sociais, etc. para despois analizar esas mensaxes e fomentar outras actitudes e relacións igualitarias e libres de violencias machistas.

A metodoloxía baixo a que traballaremos basearase na indagación, na educación experiencial e na creatividade do alumnado para lograr a transformación social. Comezaremos nun plano máis individual e persoal para logo reflexionar no ámbito máis social e colectivo.

Empregaremos recursos audiovisuais e técnicas que fomenten espazos de diálogo e escoita activa onde abordar o autocoñecemento, o respecto mutuo e a igualdade e bo trato nas relacións sociais.

### OBXECTIVOS

- Identificar roles e estereotipos de xénero e os machismos presentes na nosa vida cotiá.
- Analizar as principais mensaxes que nos transmiten as familias e outros axentes socializadores.
- Reflexionar sobre a importancia das masculinidades non hexemónicas para lograr un mundo igualitario.

- Desenvolver actitudes e valores de sororidade e axuda mutua entre mozas.
- Dotar ao alumnado de instrumentos para non ser cómplices da violencia sexual.
- Fomentar e crear argumentos en contra das violencias machistas da vida cotiá.

**PERSOAS DESTINATARIAS :** 3º e 4º da ESO.

**Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES:** un grupo/aula por obradoiro.

**DATAS DE EXECUCIÓN:** de outubro a maio.

**DURACIÓN:** lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** centros de ensino.



## CONTIDOS

Nestes obradoiros coeducativos abordaranse contidos relacionados coa igualdade de xénero, o respecto pola diversidade e o fomento da igualdade. Para iso vanse aclarar primeiro conceptos básicos sobre a temática: sexo, xénero, roles, estereotipos, sexismo, violencia de xénero, igualdade e desigualdade, corresponsabilidade, etc. Farase tamén unha reflexión de como somos, como nos comunicamos, as relacións que establecemos, os nosos gustos, habilidades, con que traballos soñamos, como se dividen as tarefas e coidados na nosa casa, como nos sentimos, etc., para analizar todos estes aspectos con perspectiva de xénero e fomentar relacións igualitarias, un reparto xusto dos coidados e tarefas do fogar e un desenvolvemento respectuoso das persoas.

Coas actividades e xogos propostos preténdese sensibilizar e fomentar actitudes e valores entre o alumnado de acordo co principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A metodoloxía será activa e participativa, abordando os contidos sen esquecer a esfera socio-emocional do alumnado e apoiándonos en elementos audiovisuais, contos e xogos.

## OBXECTIVOS

- Profundar sobre o concepto de coeducación e educación emocional, como eixos fundamentais para garantir unhas aulas libres de desigualdades e de violencia de xénero.
- Identificar roles e estereotipos de xénero na nosa vida cotiá.
- Facilitar recursos e ferramentas de resolución de conflitos dende o bo trato.
- Fomentar o autocoñemento do alumnado, así como as consecuencias das súas actitudes e comportamentos.

- Potenciar o respecto das distintas características e habilidades de cada neno/a como fonte de diversidade na aula.

**PERSOAS DESTINATARIAS** : 1º e 2º de Educación Primaria.

**Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES**: un grupo/aula por obradoiro.

**DATAS DE EXECUCIÓN**: de outubro a maio.

**DURACIÓN**: lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

**LUGAR DE REALIZACIÓN**: centros de ensino.

